



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 712 Semana do 9 ao 15 de xaneiro de 2107

**O COMITÉ NACIONAL DE UGT-GALICIA, QUE SE REUNIU ESTE XOVES EN SANTIAGO, RECLAMA Á XUNTA UNHAS CONTAS PÚBLICAS AO SERVIZO DAS PERSOAS**

## URXE UN PACTO PARA RESCATAR ÁS PERSOAS VÍTIMAS DE OITO ANOS DE CRISE E SEIS DE INTENSOS RECORTES

*Trataríase de evitar a fractura social que se provocaría se non se actúa con urxencia*

**Santiago.-** O Comité Nacional de UGT-Galicia reuniuse onte en Santiago. Nesta xuntanza aprobouse unha declaración na que se apunta á necesidade de consolidar un pacto para rescatar á cidadanía galega vítima de oito anos de crise e seis de intensos recortes porque, do contrario, córrese o risco de caer nunha fonda fractura social.

O Comité constatou que en España e en Galicia, tras oito anos de intensa crise e seis de políticas de austeridade extrema que deterioraron o estándar de vida de millóns de familias, a maioría da cidadanía anhela un cambio de rumbo que teña como resultado unha mellora da súa situación económica, unha recuperación de dereitos laborais e das liberdades cidadás e un fortalecemento do estado de benestar e dos servizos públicos esenciais.

Para o Comité Nacional, a nova situación política en España e en Galicia ven marcada pola necesidade de acordos políticos e sociais. É preciso mudar o rumbo, non é posible continuar con políticas sociais e económicas centradas na mera redución de gastos, que non teñen en conta as súas consecuencias sobre as condicións de vida da poboación traballadora e a sociedade en xeral.

Por iso, o Comité Nacional de UGT-Galicia advirte que os gobernos deben abrir un proceso de diálogo social sen demora pero, tanto no eido do Estado como en Galicia, a cidadanía ten que ser consciente de que, para recuperar dereitos e avanzar, haberá que recorrer á mobilización, se non se abren espazos de diálogo concretos.

UGT non se vai resignar a que non se repartan parte dos beneficios que se están xerando, hai crecemento pero non hai redistribución. Por iso, se non se abren os espazos de diálogo demandados con resultados tanxibles, o Sindicato



continuará cos procesos de mobilizacións indefinidas e crecentes que poderían configurar un posible escenario de folga xeral.

### ANÁLISE SOCIOLABORAL DE GALICIA

Se ben é certo que en Galicia os datos da Contabilidade relativos ao terceiro trimestre do ano 2016, amosan un crecemento do 3,3% do PIB en termos interanuais e que no terceiro trimestre deste ano hai un crecemento do emprego, con respecto ao trimestre, medra o 2,3% o emprego total e un 3,3% o asalariado, tamén o é que dende o comezo da crise perdéronse preto de 160.000 empregos na nosa comunidade. Por sectores, a caída da ocupación entre 2008 e a actualidade é brutal. Na construción diminúe o 46%, na industria o 23%, no agropesqueiro o 28% e nos servizos o 3%.

A pesar dos repuntes deste ano, as cifras de ocupación seguen evidenciando un retroceso que nos leva ás estadísticas de finais do ano 2002, hai na actualidade 1.057.900 empregos (non hai que esquecer que en Galicia chegamos antes da crise á cifra dun millón douscentos quince mil empregos).

Cos datos da EPA, comprobamos

que unha sexta parte da poboación activa está no desemprego, unha media de 220.000 persoas no desemprego. Pero o máis preocupante é o desemprego de longa duración, o que evidencia a ausencia de oportunidades do mercado laboral, 122.800 persoas desempregadas levan máis dun ano no paro e deles, 92.500, levan máis de dous anos. E a isto hai que engadirlle 21.400 parados e paradas que buscan o seu primeiro emprego e que por non atopalo só lles queda unha saída, a emigración.

Por outro lado, a precariedade dos fogares galegos é manifesta, os fogares nos que todos os seus membros activos están en situación de desemprego son 72.100. O primeiro dato que publicou o IGE foi o do terceiro trimestre do ano 2009, xa en crise económica, e nese trimestre os fogares nesta situación eran case a metade, 44.800.

Fronte a isto, a taxa de cobertura por desemprego experimenta unha caída continua. No 2011 a taxa de cobertura superaba o 70%. Na actualidade esta é de tan só o 52,5% e, ademais, de carácter maioritariamente asistencial, co que podemos facernos unha idea dos baixos ingresos que está a percibir a cidadanía

*Continúa nas dúas páxinas seguintes...*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galega no desemprego. A isto hai que engadir que en Galicia máis de 105.495 persoas desempregadas, 52 de cada cen parados e paradas, non cobran ningún tipo de prestación e hai 34.800 fogares nos que non hai perceptores de ingresos. Isto leva a que cada vez o risco de exclusión social se amplíe a un maior número de persoas.

O balance da crise tamén é claro no referente á distribución das rendas, favorecendo ao empresariado e prexudicando aos traballadores asalariados. A remuneración do persoal asalariado en Galicia perde peso con respecto ao total de renda xerada na comunidade, ao pasar do 46,9% do total en 2008 ao 43,6% no segundo trimestre de 2016 (últimos datos dispoñibles). Isto sucede, basicamente, pola perda de emprego e a contención salarial. Pola contra, o empresariado, curiosamente nunha etapa de crise, gañou máis, a súa renda pasa de representar o 45% en 2008 ao 46,5% no segundo trimestre de 2016.

Con este escenario, está claro que o deterioro da calidade de vida da cidadanía é cada vez maior, así, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estrategia Europa 2020) en Galicia é do 25,7% da poboación (dato INE: Enquisa de condicións de vida 2015).

Pero non só hai desigualdade entre traballo e capital, senón que dentro dos asalariados e asalariadas prodúcese un incremento daqueles que perciben menores salarios, caída dos salarios medios, e aumento das persoas asalariadas con maior remuneración. 310.093 asalariados galegos (o 31,2% do total) teñen un salario medio inferior ou igual ao SMI (dato AEAT 2015).

## ANÁLISE ORZAMENTOS XUNTA

Neste contexto, os Orzamentos da Comunidade autónoma seguen na senda da supeditación ás esixencias financeiras. A débeda acumulada da nosa Comunidade achégase ao máximo, 10.727 millóns de euros. Cando chegou, en marzo de 2009 o Goberno do PP a débeda era de preto de 4.000 millóns de euros. Isto condiciona calquera deseño de orzamento, xa que hai que afrontar os custos desa débeda (intereses e amortizacións). No ano 2009 afrontar estes custos representaba o 3,3% do total orzamentario, para o 2017 supón nada menos que o 17%, o que implica recortar recursos a disposición da actividade económica, do emprego e da sociedade en xeral.

Novamente, deséñase un teito de gasto non financeiro, fixado en 9.063 mi-

llóns de euros. O Comité Nacional entende que esta liña tería que vir acompañada dun chan de gasto mínimo que preserve o estado de benestar e contrarreste a incerteza introducida cos teitos de gastos non financeiros; a tranquilidade dos mercados financeiros non pode deixar de lado a contribuíntes e persoas beneficiarias destes orzamentos, á cidadanía galega.

Aínda que o orzamento destinado a emprego medra o 15,3% con respecto ao ano anterior, non recuperou os valores previos á crise. Se no ano 2008 o orzamento para esta función era de 378,7 millóns de euros, para o ano 2017 é de 241,9 millóns de euros. E comparando eses dous períodos hai 160.000 empregos menos e 96.400 desempregados máis. O orzamento en emprego, con respecto ao máximo que houbo no ano 2009, contráense nun 42% os recursos, mentres que hai un 28% máis de persoas desempregadas.

A Xunta, tal como vimos demandando, debería dar un xiro cara uns orzamentos baseados nunha fiscalidade progresiva, cara un sostido crecemento económico e do emprego, apoiando aos nosos sectores produtivos, apostando pola revitalizando industrial, o naval a industria electrointensiva e non deixando ó pairo dos mercados a sectores como o agrogandeiro e o pesqueiro. Defendemos un estado do benestar na actualidade ameazado, cara unha protección social que garanta unha sociedade cohesionada, cara a garantía do emprego público e de calidade e cara un modelo económico máis tecnolóxico e con máis valor engadido, acabar co déficit histórico en I+D+i, que permita superar os déficits estruturais da nosa economía e para que a nosa industria sexa máis competitiva.

O Sindicato continuará vixiante para que, coa escusa do cumprimento dos obxectivos de déficit, non se desmantelen ou deterioren aínda máis os nosos servizos públicos.

Para UGT, é prioritario recompor a sociedade rescatando ás persoas dos tremendos danos sociais ocasionados por máis de oito anos de intensa crise e por seis anos de políticas de recortes e de desmantelamento dos sistemas públicos esenciais. O crecemento económico non logrará iso por si só. Necesítase unha acción decidida dos poderes públicos para reparar os danos ocasionados. Isto require dun pacto que expoña este rescate de maneira extensa e coordinada, que afecte a toda a protección social do noso país, que se deteriorou de maneira moi preocupante e podería des-

embocar en fractura social se non se actúa con urxencia.

UGT lembra que o noso país necesita, de maneira prioritaria e urxente, actuacións para crear emprego con dereitos, para mellorar o sistema de protección social e combater a pobreza crecente mesmo entre a poboación traballadora.

## PRIORIDADE, RESCATAR ÁS PERSOAS. DEMANDAS E PROPOSTAS DE UGT-GALICIA

En liña cos documentos “20 actuacións urxentes polo progreso e o benestar social” e “Balance da lexislatura en Galicia e propostas de UGT e CCOO”, que elaboramos conxuntamente, expuxemos aos novos gobernos e aos grupos parlamentarios unha serie de medidas que consideramos imprescindibles para solucionar os problemas laborais e sociais máis graves do noso país, que son os da maioría da sociedade e que afectan a todos os ámbitos esenciais que conforman a nosa realidade social, económica e laboral.

Na nosa Comunidade, o Comité Nacional, en liña co documento presentado a todos os partidos políticos nas pasadas eleccións autonómicas, reclama un cambio das políticas económicas para consolidar un novo modelo de crecemento máis equilibrado e sostible, xerador de emprego de calidade, así como a diminución das desigualdades.

Para isto, UGT-Galicia demanda unhas contas públicas ao servizo das persoas. A Xunta de Galicia debe renunciar ó austericidio e utilizar a nosa autonomía fiscal para incrementar os ingresos pero de maneira máis xusta e equitativa que a recollida nos orzamentos. Para iso, sería preciso subir os tipos impositivos para os tramos de renda máis altos, crear novos tributos e reducir as deducións actuais como fórmula de mellorar a sostibilidade das contas públicas e non actuar só sobre os gastos públicos.

Debería, ademais, derrogar a Lei de Disciplina Orzamentaria, que limita o teito de gasto e obriga a destinar os ingresos a reducir a débeda, e recoñecer un chan de gasto social, que permita o mantemento de niveis de protección suficientes en servizos públicos esenciais.

É fundamental reforzar a dotación orzamentaria e unha correcta asignación e xestión en dúas áreas prioritarias: investimentos e preservación e reforzamento do sistema de protección social e a prestación de servizos públicos de calidade, ampliando a protección social e os servi-

zos sociais.

Ademais, o Goberno galego deberá manter unha actitude máis firme ante o Goberno de España votando en contra da inxusta distribución do déficit público entre as diferentes administracións e esixindo un novo sistema de financiamento autonómico para recuperar os ingresos perdidos nos últimos anos.

En materia de emprego é preciso un cambio nas políticas de emprego e apostar por un plan de emprego negociado, vinculado tanto ao crecemento como á cobertura das necesidades sociais que debe ter como obxectivo dar oportunidades de emprego aos colectivos con máis dificultades. Un plan de actuación para estes colectivos, con recursos adecuados, posta en marcha de políticas baseadas en itinerarios personalizados de asesoramento, orientación e formación para mellorar a cualificación, co fin de aumentar a empregabilidade.

Tamén urxe restablecer e incrementar as prestacións sociais e unha das pezas fundamentais é a Prestación de ingresos mínimos que amplíe a acción protectora da Seguridade Social e garanta uns ingresos que aseguren unhas condicións básicas. UGT e CCOO presentamos conxuntamente unha Iniciativa Lexislativa Popular no Parlamento para promover a introdución de dita prestación. En Galicia estimamos que podería beneficiar ao redor de 90.000 persoas.

Isto é complementario coa Renda de inclusión social de Galicia que debe dotarse de recursos suficientes para atender ás persoas que se atopan en situación de necesidade.

É preciso conquistar a universalización da protección social, regulando os servizos sociais como dereitos básicos á protección ante situacións de desvantaxe, á protección das situacións de dependencia, á protección da infancia e á adolescencia e á situación de risco e desamparo, en termos de xustiza, solidariedade e igualdade.

Demandamos unha lei integral de protección ás persoas maiores que contemple os ámbitos de saúde, vivenda, protección económica, xurídica, cultura e lecer. A Xunta de Galicia debe velar pola suficiencia económica das persoas maiores reivindicando pensións dignas. O complemento autonómico de pensións mínimas, froito do diálogo social, mostrouse como un instrumento útil aínda que insuficiente no contexto de crise, polo que demandamos o seu mantemento.

Reivindicamos unha lei específica de atención e axuda ás familias galegas para que os poderes públicos aseguren unha protección social, económica e xurídica das mesmas.

No relativo aos servizos públicos, demandamos en Galicia un Pacto pola educación, a sanidade, a

xustiza, os servizos sociais e os servizos públicos, recuperar o emprego nos sectores e ramas de actividade que lle son propios para asegurar a calidade e eficiencia dos servizos que se prestan a toda a cidadanía.

O Comité Nacional de UGT-Galicia tamén considera que Galicia necesita apostar polo fortalecemento do sector primario como elemento clave no compromiso co desenvolvemento rural sostible e no sector pesqueiro as políticas deben abordar a situación dos descartes, tendo en conta as diversas pesquerías que se fan en Galicia. Por outra parte, debe facerse unha aposta de país para manter a pesca artesanal e o marisqueo.

Outro dos obxectivos debe ser defender o sector industrial e incrementar o investimento en I+D+i. Hai que recuperar a política industrial como elemento esencial do novo modelo de desenvolvemento sostible, que preste especial atención aos sectores máis dinámicos e aos de maior contido tecnolóxico, fomentando a innovación (especialmente nas PEMES) e apostando pola formación coa colaboración entre os centros educativos e as empresas.

Demandamos un plan industrial de carácter estratéxico con instrumentos, tanto sectoriais como territoriais, que persiga a meta de recuperar o nivel de actividade e de emprego perdido, apostando por consolidar actividades e empresas nas que Galicia ten xa presenza e no impulso de novos sectores industriais.

É prioritario fortalecer o desenvolvemento da industria en Galicia, co obxectivo marcado pola UE de acadar o 20% do PIB en 2020, apoiar os sectores produtivos galegos con políticas sectoriais específicas e forzar os compromisos do Goberno central (caso do sector naval ou dos prezos enerxéticos) e europeo (para o futuro do sector pesqueiro) cando residan alí as competencias.

Neste contexto, precísase estimular a I+D+i e todas as actividades produtivas, incrementando o gasto público, avanzando cara o obxectivo da Estratexia Europa 2020 do 2% do PIB destinado a I+D.

Estas, entre outras moitas actuacións

e reformas, son as cuestións que consideramos prioritarias para recuperar un proxecto de país ilusionante, incluínte e solidario. O Goberno debe abrir un proceso de diálogo social sen demora, no que se aborden todas estas materias. O Comité Nacional considera que para cumprir estes obxectivos, tanto no ámbito do estado como en Galicia, os cidadáns teñen que ser conscientes de que para recuperar dereitos e avanzar teremos que recorrer á mobilización, se non se abren espazos de diálogo concretos de negociación.

## NEGOCIACIÓN COLECTIVA

En materia de negociación colectiva, considérase a necesidade de que os incrementos salariais para 2017 móvanse nunha franxa entre o 1,8% e o 3%. Ademais, os datos de IPC do mes de decembro reafirman a necesidade de aumentar os salarios nesta franxa para que os traballadores non perdan poder adquisitivo.

Dado que o IPC interanual do mes de decembro situouse no 1,6% (unha décima máis do previsto no avance), e que o incremento salarial medio pactado en convenio ata decembro de 2016 situouse no 1,06%, segundo os datos do Ministerio de Emprego, o resultado é que os salarios perderon medio punto de poder adquisitivo o ano pasado.

Con estes datos, e coa previsión de inflación para 2017 de entre o 1,1% e o 1,7%, expoñer aumentos salariais desde o 0% ata o 1,5%, como fan CEOE e CEPYME, resulta insuficiente e indignante. E, neste sentido, os datos tamén confirman que os pensionistas perderán como mínimo o 1,3% de poder de compra porque o Goberno subiu a pensión un raquíctico 0,25%.

Para o Comité Nacional, é urxente abandonar a moderación salarial e que os traballadores recuperen poder adquisitivo, co fin de fomentar o consumo e o investimento.

## O COMITÉ NACIONAL ADOPTA RESOLUCIÓN DE APOIO E SOLIDARIEDADE COS COMPAÑEIROS DE ASTURIAS

Por unanimidade, o conxunto dos organismos presentes no Comité Nacional que se celebrou hoxe en Santiago, adoptou unha resolución de apoio e solidariedade cos compañeiros de UGT-Asturias polos feitos que teñen acontecido nestes últimos días. Ademais, o Comité cualificou as actuacións levadas a cabo nesta contexto como realmente desproporcionadas.

## É DE XUSTIZA TRAMITAR A ILP POR UNHA PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que "hoxe sobran razóns para manter a Iniciativa Lexislativa Popular para unha Prestación de Ingresos Mínimos e, seguramente, hai algunha razón máis que cando os sindicatos decidimos presentala: hai 13, 2 millóns de persoas en risco de pobreza, 3,5 millóns que sofre pobreza severa, o desemprego xuvenil entre 16 e 24 anos pasa do 46%, a situación do desemprego xeral case se sitúa no 19% e a taxa de cobertura por desemprego está en torno ao 55%". Así mesmo, pediu que esta prestación teña un carácter "permanente e universal".

Álvarez fixo estas declaracións durante a súa comparecencia na Comisión de Emprego do Congreso dos Deputados para defender a Proposición de Lei dunha Prestación de Ingresos Mínimos, no ámbito de protección da Seguridade Social. Unha comisión na que tamén interveu o secretario xeral de CCOO, Ignacio Fernández Toxo.

O secretario xeral de UGT destacou que "esta é unha gran oportunidade para que o Parlamento poida discutir, a fondo,

cales son as políticas sociais que hai que desenvolver no noso país nos próximos anos. É unha boa oportunidade para poder deseñar o mapa das políticas sociais e os compromisos de todas e cada unha das administracións".

Álvarez afirmou que a proposición de Lei dunha Prestación de Ingresos Mínimos debe "incorporar todas aquelas propostas que a melloren" e apelou á pluralidade do Parlamento para pedir o voto favorable a esta iniciativa no pleno do Congreso no que se debata. Os cidadáns e cidadás confían en que se considere a súa proposición e "que o Parlamento sexa sensible" a unha demanda que conta co respaldo dunha gran maioría social (a ILP está apoiada por máis de 690.000 firmas).

Esta prestación debe configurarse como un novo dereito subxectivo vinculado á Seguridade Social e está dirixida a persoas con dispoñibilidade para traballar que carecen de emprego e recursos económicos para si, e no seu caso para os familiares ao seu cargo. A contía estimada é de



426 euros, equivalente ao 80% do IPREM (contía que aumentaría en función dos compoñentes da unidade familiar) e debe durar mentres se manteñan as condicións que dean acceso á prestación. Calcúlase que os beneficiarios potenciais serían algo máis de 2 millóns de persoas (2.151.000) e tería un custo para o Estado ao redor dos 11.000 millóns de euros.

Esta prestación débese financiar vía impostos, a través dos Orzamentos Xerais do Estado, e sería incompatible con outras prestacións da Seguridade Social (salvo as familiares non contributivas) pero compatible coas de atención á dependencia, axudas á infancia, axudas de emerxencia social, ou calquera outra de natureza asistencial de calquera administración pública.

## A FORMULACIÓN DO GOBERNO PARA O SOSTEMENTO DAS PENSÍONS É INSUFICIENTE

**Primeira reunión da mesa de diálogo social sobre pensións entre Executivo, empresas e sindicatos, que acordan volver verse en 15 días**

**Redacción.-** A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, Mari Carmen Barrera, esixiu ao Goberno que sexa "máis ambicioso" e "concreto" as medidas necesarias para recuperar o poder adquisitivo dos pensionistas e facer sustentable o sistema de pensións.

Na primeira reunión da mesa de diálogo social sobre pensións que tivo lugar este luns no Ministerio de Emprego entre Executivo, empresas e sindicatos, Barrera afirmou que "o Goberno non despexou nada nesta materia, máis aló do compromiso que se fixou de dar resposta a todos os problemas de futuro do sostemento do sistema de pensións no noso país".

Neste sentido, o Executivo "non precisou proposta ningunha. Simplemente achegou unha serie de datos que xa mencionou con anterioridade a ministra de Emprego, sobre a evolución das bases de cotización e as bonificacións á contratación ás empresas, que non resolven por si soas todo o problema da Seguridade So-



cial".

"Queremos que o contido desta mesa sexa máis ambicioso", sinalou. "Que se fale non só da perda de poder adquisitivo das pensións este ano, senón das solucións que se van a dar ao futuro recorte que contén a reforma do PP de 2013 e ao déficit que existe na Seguridade Social".

Mari Carmen Barrera destacou que o Goberno "recoñeceu por primeira vez que só coa evolución do emprego non vai ser

suficiente para recuperar o déficit da Seguridade Social e a crise das cotizacións que existe na actualidade".

Por tanto, na próxima reunión, que terá lugar en 15 días, UGT esixirá que se "establezan as medidas necesarias para asegurar a suficiencia das pensións, porque se non se prestan a modificar os orzamentos que hai na actual lei de pensións non poderemos chegar a ningún tipo de acordo nesta materia", asegurou.

## COMBATER O DESEMPREGO, A POBREZA E AS DESIGUALDADES DEBEN SER OS OBXECTIVOS DOS ORZAMENTOS PARA 2017

**Redacción.-** UGT defende uns Orzamentos para 2017 cuxos obxectivos primordiais sexan a loita contra o desemprego, a pobreza e a desigualdade e, para iso, aposta pola mellora da recadación, porque sen ingresos públicos suficientes non se poderá nin reducir o déficit de maneira estable, nin soste-lo Estado de Benestar.

Aínda que a Comisión Europea aprobou o plan orzamentario, enviado polo Goberno español, estima que a desviación do déficit en 2017 será dúas décimas superior (alcanzando o 3,3%) e advirte ao Executivo de Mariano Rajoy que estea preparado para adoptar medidas adicionais se fose necesario para cumprir cos obxectivos deste ano.

UGT demanda ao Goberno que as obrigacións derivadas dos compromisos do cumprimento dos obxectivos de déficit non se traduzan en novos recortes porque o seu compromiso debe ser coas persoas, o que esixe finiquitar de inmediato as políticas de austeridade que agravaron sistematicamente os efectos da crise. Así mesmo, demanda revisar a senda de estabilización orzamentaria, para facela compatible coas necesidades do noso país. A rebaixa dos niveis de déficit (e débeda pública) en España require de novos prazos que sexan compatibles co crecemento sustentable, a creación de emprego digno e a recuperación de dereitos e servizos públicos aniquilados pola xestión da crise baixo o mantra da austeridade.

O noso país é un exemplo de como a austeridade só xera maiores niveis de precariedade, pobreza e desigualdade e é contraproducente para o seu obxectivo final o cumprimento de déficit, posto que debilítala a estrutura produtiva, impedindo o crecemento sustentable en termos económicos e xusto en termos sociais. Por iso, UGT insiste en que os Orzamentos Xerais do Estado para 2017 deben ter como obxectivo prioritario a loita contra o desemprego, a pobreza e a desigualdade.

A pesar do crecemento en termos do PIB, os desequilibrios e as desigualdades persistentes poñen en risco o seu futuro. O crecemento económico non se traslada aos cidadáns e traballadores, e o noso modelo de crecemento é tan dependente de actividades e factores estacionais e tradicionais que resulta moi vulnerable aos vaivéns do ciclo económico internacional. Por iso é polo que Bruxelas non se cree a previsión de crecemento nin de déficit do Goberno, nin para 2017 nin para 2018. Porque os cálculos do Goberno sostéñense sobre unhas previsións de escenario macroeconómico nacional e internacional sometido a graves incertezas económicas e políticas.

Por iso non se fia dos datos nos que se apoia o Goberno de Rajoy para elaborar os PXE deste ano 2017. As institucións europeas, supervisoras e fiscalizador das contas nacionais, cren que no 2017 o déficit será do 3,3% e non do 3,1% como fixou o Consello de Ministros do 2 de decembro de 2016 para España, e tal e como establece o Procedemento por Déficit Excesivo. E tampouco cre que en 2018 España vaia a alcanzar o 2,2% de déficit, senón que será do 2,8%, desviación tres veces maior que a prevista este ano. En 2016 España xa realizou un axuste do 0,5% do PIB dada a desviación de déficit, o que sumaron 5.500 millóns de euros, esforzo que desde Bruxelas cifran no 0,7% do PIB. Pero para 2017 a Bruxelas fáltranlle 2.100 millóns de euros máis.

UGT aposta pola mellora da recadación. Porque sen ingresos públicos suficientes non poderemos nin reducir o déficit de maneira estable, nin soste-lo Estado de benestar robusto, nin teremos servizos públicos de calidade. España necesita recadar máis e facelo de maneira máis xusta, é dicir, repartindo os esforzos mellor, aumentando a progresividade global do sistema,



de maneira que paguen máis os que máis teñen.

O aumento das desigualdades e dos niveis de pobreza en España conviven, e non por casualidade, coa crecente regresividade do sistema tributario e coas políticas de austeridade e desvalorización salarial sufridas desde 2010. Por tanto, parece obvio que a austeridade non ten cabida na reforma fiscal que necesita España e que garante o Estado de Benestar no noso país. Esta debe ser a clave na que deben centrarse os PXE 2017 no marco do Semestre Europeo, así como os esforzos e prioridades do Goberno de España e da Comisión Europea.

Para tratar estas cuestións, UGT insta o conxunto das forzas políticas a abrir un debate inmediato sobre fiscalidade, dada a urxencia de garantir a suficiencia de recursos para atender as necesidades sociais, necesidades agravadas pola crise, e que ten sumidos aos traballadores e á cidadanía en xeral nunha precariedade laboral e social insustentable.

Ademais, UGT demanda ao Goberno de España a establecer unha interlocución directa e significativa sobre o Semestre Europeo no marco do diálogo social, tal e como sucede en todos os países da nosa contorna europea, especialmente en Holanda, Francia, Austria e Alemaña, tal e como recomendou a propia Comisión Europea a todos os estados membros.

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de **UGT**  
ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

## UGT AVOGA POR UN NOVO MODELO DE FINANCIAMENTO AUTÓNOMICO QUE COMBATA AS DESIGUALDADES E GARANTA SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE

**Redacción.-** Para evitar que o debate de financiamento autonómico, que se abriu con motivo da VI Conferencia de Presidentes, se peche en falso é preciso buscar o compromiso de todos para desenvolver un novo modelo de financiamento, de tal maneira que toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia, teñan as mesmas oportunidades para acceder a uns servizos públicos de calidade. UGT considera que un bo modelo de financiamento autonómico debe asegurar o sostén dos alicerces do Estado de benestar e contribuír a unha distribución equitativa da riqueza, desenvolvendo entre os territorios un sistema de financiamento que garanta a realización efectiva da solidariedade e que vele polo establecemento dun equilibrio económico xusto e adecuado no conxunto do territorio español.

O debate sobre o modelo de financiamento autonómico é unha pata máis dunha mesma cuestión: que tipo de políticas defendemos e que tipo sociedade queremos. Un debate que non pode desvincularse por

tanto de asuntos como o sistema tributario ou mesmo da política económica.

UGT avoga por políticas que velen polas persoas e busquen a erradicación da pobreza e a desigualdade. Políticas que reforcen o noso Estado de Benestar e faciliten a igualdade de oportunidades. É dicir, políticas totalmente contrarias ás que se aplicaron ata agora que incrementaron os niveis de pobreza e desigualdade. Neste sentido, o último informe de Oxfam Intermon é absolutamente revelador. Ademais de criticar o sistema fiscal regresivo de España, denuncia o aumento da pobreza e as desigualdades non só durante a crise senón durante a nova etapa de recuperación económica.

En definitiva, a crise non afectou a todos por igual, nin o crecemento económico chega a todos. Pola contra, aumentou a



brecha entre os máis ricos e os máis pobres.

UGT insta a afrontar desde xa un novo cambio de ciclo nas políticas económicas e sociais, o que inclúe o sistema tributario, o financiamento autonómico e políticas sociolaborais que se baseen na recuperación de dereitos.

O sindicato insiste na necesidade de apostar por empregos de calidade, a recuperación do poder adquisitivo dos traballadores e reforzar o sistema de protección social.

## O IMPOSTO DE SOCIEDADES RECADA 10 PUNTOS MENOS RESPECTO DE 2007

**Son os traballadores os que soportan a carga impositiva deste país, non as empresas**

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores denuncia que, desde o inicio da crise, foron os traballadores os que soportaron a maior parte da carga tributaria estatal, non as empresas. Segundo a Axencia Tributaria (AEAT), no ano 2007 o Imposto de Sociedades supoñía un 23,21% da recadación fiscal dos catro grandes impostos (IRPF, IVE, Sociedades e Impostos Especiais), mentres que o IVE supoñía un 28,93%. Con todo, en 2015, o Imposto de Sociedades recada dez puntos menos, o 13,19%, mentres que o IVE sitúase dez puntos por encima, o 38,65%, e xunto co IRPF supoñen o 77,52% da recadación total deses catro bloques impositivos. É dicir, mentres as empresas cada ano pagan menos impostos, os traballadores son os que teñen que tributar máis aínda con peores empregos e salarios.

Os sucesivos gobernos foron aplicando medidas para reducir a tributación efectiva das rendas empresariais, mentres foron establecendo un sistema menos progresivo, incrementando o peso da imposición directa. Menos protección ás persoas e un sistema de impostos máis desequilibrado, aumentando con iso as desigualdades e os



niveis de pobreza.

Estamos a asistir desde hai anos a unha carreira suicida de redución de obrigacións fiscais ás empresas e aos grandes patrimonios e, en paralelo, está a producirse un recorte substancial de servizos públicos esenciais para as persoas, que repercute nun recorte de dereitos para a poboación do noso país.

Para UGT, teñen que pagar máis os que máis teñen e hai que loitar decididamente contra a fraude fiscal que, segundo algúns cálculos, ascende a 80.000 millóns de euros e que se debería utilizar para cubrir os gastos necesarios dos servizos fundamentais para as persoas.

Estamos a oito puntos do PIB da media de ingresos públicos dos países da zona euro e a case cinco puntos do PIB da media de gastos públicos de Europa. Necesitamos un sistema fiscal que obteña os ingresos necesarios para cubrir os gastos, acabe coa fraude e sirva para alcanzar un Estado de Benestar digno non só para as empresas, senón tamén para os traballadores.

UGT pide unha reforma fiscal integral, xusta e equitativa, que favoreza a transparencia fiscal, que dote de maiores recursos económicos e humanos á Axencia Tributaria e fomente a concienciación colectiva para conseguir un sistema forte, estable e suficiente.

## UGT reclama unha taxa de reposición de polo menos o 100% na Administración Xeral do Estado

**Redacción.-** A Federación de Empregadas e Empregados dos Servizos Públicos (FeSP) de UGT denunciou este mércores o envellecemento da plantilla da Administración Xeral do Estado (AXE). As políticas restritivas do Goberno, a conxelación da taxa de reposición e unhas Ofertas de Emprego Público escasas e mal enfocadas contribuíron a unha situación dificilmente sustentable. O 63% do persoal da AXE ten máis de 50 anos.

É necesaria unha revisión completa do sistema de distribución dos recursos humanos nas plantillas deste colectivo. UGT sinala a falta de luces longas na maneira en que o Goberno está a xestionar os seus efectivos. As novas políticas en materia de Recursos Humanos deben ir enfocadas en varias direccións complementarias que afectan á xubilación, a carreira profesional e a Oferta de emprego público.

A renovación do persoal da AXE debe pasar por un plan de xubilacións anticipadas, con contratos de substitución que faciliten ademais a incorporación ao emprego público de novos efectivos. Para isto é necesario retomar as negociacións e, por suposto, eliminar as limitacións dos Orzamentos Xerais do Estado en relación ás contratacións. Por outra banda, traballadores públicos presentes e futuros deben ter garantida a súa carreira profesional e estar motivados por unha formación de calidade, unha avaliación do desempeño adecuada e unhas ofertas de emprego pú-

blico que estean en función dunha mellor prestación do servizo.

En canto ás novas xeracións, aprobar unha oposición representa unha oportunidade de futuro; a seguridade e unhas expectativas de progreso fan que os opositores sexan cada vez máis numerosos e é notorio que a oferta é moito menor que a demanda. Por poñer un exemplo, as solicitudes admitidas provisionalmente ao Corpo Xeral Auxiliar da Administración do Estado, con 400 prazas, son 36.638.

Se con estes datos o Goberno non entende que a súa política de emprego público é errática e equivocada, debería reflexionar sobre o gran número de servizos públicos imprescindibles que son deficitarios: Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), Institucións Penais (IIPP), Entidades Xestoras de Seguridade Social (EXSS), especialmente o Instituto de Maires e Servizos Sociais (IMSERSO), Fondo de Garantía Salarial (FOGASA), Comisarías e Oficinas de expedición do DNI, Oficinas de Estranxeiría, Museos Estatais etc.

UGT considera imprescindible que antes de pechar os Orzamentos Xerais do Estado para 2017, o Goberno asegure o mantemento dos servizos públicos garantindo, polo menos, unha taxa de reposición do 100% e unhas políticas de emprego público que melloren a prestación destes á cidadanía.

## UGT inicia o procedemento para rebaixar a idade de xubilación dos vixiantes de seguridade, gardas rurais e os escoltas

**Redacción.-** UGT procedeu ao rexistro na sede do Ministerio de Emprego e Seguridade Social en Madrid do escrito de solicitude para o inicio do procedemento para establecer coeficientes reductores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social para este colectivo de traballadores de seguridade privada, máis de 70.000.

FeSMC vén traballando desde hai meses nunha campaña que reivindicamos a equiparación, en canto a condicións para acceder á xubilación, ás que xa veñen aplicando aos membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, cos que o colectivo de vixiantes de seguridade, gardas rurais e as súas especialidades e escoltas gardan evidentes similitudes.

Este grupo de traballadores atópanse nunha situación de evidente discriminación, por canto con similares esixencias para o acceso á profesión e obrigatoriedade de manter as mesmas ao longo de toda a vida laboral, non están entre os colectivos aos que si que lles son de aplicación determinadas medidas para o adiamento da idade de xubilación.

## FITUR NON REFLECTE A REALIDADE LABORAL DOS TRABALLADORES DO SECTOR TURÍSTICO ESPAÑOL

**Redacción.-** Este mércores deu inicio unha das feiras do sector turístico máis importantes a nivel mundial: Fitur. Que o noso país sexa promotor, desde hai anos, dun evento sectorial deste calado, di moito da nosa capacidade para convocar a todos os axentes do sector e pon de manifesto a importancia da actividade turística no noso territorio e como alicerce fundamental do noso modelo económico. Con todo, UGT leva tempo denunciando “a cara B” do turismo en España: precariedade, externalización, condicións laborais indignas e volatibilidade.

A actividade turística no noso país, “que representa un 10,9% do PIB”, revela, desde hai tempo, unha sostida mellora económica que certifican algúns datos. Pero tras o brillo das cifras escóndese unha “cara B” que pon en dúbida a sustentabilidade dun modelo profundamente inxusto:

\*O incremento salarial nos últimos anos foi, tan só, dun 1% (negociado en convenio), con caídas salariais do ata o -30% (fóra de convenio e a causa, fundamentalmente, da externalización de servizos), o que evidencia un crecemento económico neste sector que non está repercutindo nos salarios dos seus profesionais. Non hai repartición xusta da riqueza colectivamente producida.

\*Precarización das condicións de traballo dos profesionais do sector por efecto da Reforma Laboral.

\*O bloqueo na negociación colectiva sectorial deixou a un total de 431.532 traballadores nun limbo laboral e con perda de poder adquisitivo.



\*Indecentes niveis de temporalidade e baixa calidade na contratación.

\*Rebaixa nas condicións sociais pola vía da externalización de actividades.

\*Contratos parciais de curta duración e temporalidade co acortamento das aperturas de hoteis de tempada.

ESTE MARTES CELEBROUSE EN FERROL O CONGRESO DA UNIÓN COMARCAL

## ELIXIDA A NOVA COMISIÓN EXECUTIVA DE UGT FERROL AO FRONTE DA CAL ESTARÁ JOSÉ ANTONIO DÍAZ

**Redacción.-** Ao longo da mañá deste martes celebrouse na cidade departamental o Congreso da Unión comarcal de UGT en Ferrol. Tras a celebración do 12º Congreso de UGT-Galicia, estase a desenvolver un proceso de reestruturación interna no que se están a racionalizar estruturas, reducindo o número de federacións e unións comarcais.

A nova Comisión executiva de UGT-Ferrol está encabezada por José Antonio Díaz Casteleiro, como secretario xeral.

Ao fronte da Secretaría de Organización e Administración está Mónica Ferreira Golpe; Política sindical, Emprego e Seguridade Social é asumida por Vicente Rivas Lamas; María Asunción Real Ro-



dríguez será a secretaria de Igualdade, Xuventude e Movementsos sociais; ao fronte da Secretaría de Políticas sociais está Cristina Río Losada; José Ramón

García Bello será o novo responsable de Saúde laboral e Medio ambiente; e Héctor Fraga Ares asume Política institucional e Territorial.

## CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS EN DEFENSA DOS TRABALLADORES DO REAL AERO CLUB DE VIGO

**Redacción.-** Os traballadores do Real Aero Club de Vigo retoman hoxe as mobilizacións en defensa dos seus postos de traballo.

Convocados por FeSMC-UGT xa protagonizaron varias mobilizacións na cidade olívica como medida de presión para impulsar o desbloqueo das negociacións que mantén a empresa coa Comunidade de montes de Cabral polo aluguer dos terreos onde está o Aero Club.

Nesta situación, os traballadores son os máis afectados porque están en perigo os seus empregos e UGT advirte que non vai consentir que intereses particulares empañen a estabilidade laboral.

Por isto, esixe ás partes que fagan un esforzo e intenten chegar a un acordo.

Hoxe está convocada unha concentración a partir das 19.45 horas na Casa da cultura da Feira de Cabral.

## INDULTO PARA CARLOS E SERAFÍN, XA

**Redacción.-** Un xoves máis, Vigo acolleu unha concentración na que se expresou o rexeitamento á situación xudicial na que están Carlos e Serafín, cunha condena de prisión só por ter participado nunha folga e ter defendido aos seus compañeiros. Unha vez máis, pediuse o indulto xa para Carlos e Serafín e poñerlle así punto e final ao inxusto proceso no que están inmersos.



## FEPMC ESIXE Á NOVA CONCESIONARIA DA LIMPEZA DOS COLEXIOS DE A CORUÑA QUE SUBROGUE ÁS 13 TRABALLADORAS QUE DEIXOU FÓRA

**Redacción.-** FeSMC-Coruña esixe á nova concesionaria do servizo de limpeza dos colexios de A Coruña que asuma xa a contratación das 13 traballadoras interinas que deixou fóra do proceso de subrogación.

José Manuel Carreira (FeSMC) aclara que Itma, a empresa que se fixo coa concesión do pasado 16 de xaneiro, está obrigada a contratar ás 13 traballadoras porque así o establecen tanto o convenio do sector como o provincial, a obriga de subrogar tamén aos traballadores con contrato de interinidade como é o caso das

afectadas que levaban anos neste servizo con rotacións na contratación.

Neste mesma liña, FeSMC esixe ao Concello que obrigue á nova concesionaria a cumprir o principio de garantía do emprego que figuraba no propio pliego de condicións da concesión.

Ademais, hoxe o Sindicato ven de presentar na Inspección de Traballo unha denuncia porque son varias as empregadas deste servizo que a día de hoxe están traballando sen estar dadas de alta na Seguridade Social.